

# **BANDO**

**DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OROSO (A CORUÑA) FAGO SABER:**

Para poder facer uso dos locais sociais durante a duración da pandemia do COVID-19, é preciso ter en conta a normativa que se adxunta neste bando, así como cumprimentar os anexos I e II que se indican.

Todas aquelas persoas que desexen facer uso dos locais sociais para actividades culturais deberán solicitalo de xeito preferiblemente telemático na seguinte ligazón <https://sede.orosogal/opencms/gl/>, ou ben de xeito presencial no rexistro do Concello.

Dito uso estará rexido polas normas que se acompañan, e o debido cumprimento dos anexos indicados.

A persoa que se declare responsable da actividade, será a encargada de facer cumprir os protocolos que se indiquen, así como a limitación de aforos.

O incumprimento da normativa, dará lugar a que se denegue por parte do Concello de Oroso o uso das instalacións

O que se fai público para xeral coñecemento, en Oroso a 2 de outubro de 2020

O Alcalde,



**Manuel Mirás Franqueira**

### **NORMAS DE USO DOS LOCAIS SOCIAIS**

- Para poder acceder aos centros sociais é preciso presentar unha solicitude, segundo o modelo anexado. Debérase facer de xeito telemático pola sede electrónica ou presencial se non fora posible pola vía electrónica.
- A persoa que se declare responsable da actividade será tamén a responsable da coordinación das medidas de prevención e control do COVID-19 que se establecen nos protocolos e normativas correspondentes. Tamén se encargará de realizar o rexistro do control da temperatura dos/as participantes. Dito rexistro, debe quedar por escrito, xunto coas asistencia a actividade.
- Debérase facer un control estrito do acceso as instalacións, só poden acceder as persoas autorizadas polo responsable. É preciso elaborar un rexistro das persoas que asisten, con nome e apelidos, para ter en conta, se algunha das persoas que participa na actividade, da positivo en COVID-19, se poida facilitar o traballo aos rastreadores.
- Nas instalacións culturais poderase realizar actividades en grupos de ata 10 persoas e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.
- As persoas usuarias irán provistas de máscara con carácter obrigatorio, e non poderán retirar a máscara, só naquelas actividades imprescindibles.
- Utilizarase a máscara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns das instalacións.
- Deberase limpar as mans coas solucións hidroalcolicas antes de entrar e ao saír do recinto.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Sempre que o espazo o permita, manterase a instalación que se está a empregar coa maior ventilación posible.
- Non se poderá compartir alimentos nin bebidas.
- Unha vez rematada a actividade a desenvolver, os responsables da actividade, serán os encargados de proceder a súa limpeza e desinfección. O motivo non é outro que na maioría dos locais sociais só se realiza, dada a baixa afluencia de actividades, a limpeza de xeito semanal ou mensual.

## **RECOMENDACIÓNS DENTRO DA AULA**

- O lavado de mans con auga e xabón a fondo e con frecuencia.
- Obrigatorio o uso de máscara na instalación.
- Practicarase a hixiene respiratoria (esberrar ou tusir contra o brazo co cóbado flexionado, uso de panos de papel e a súa eliminación tirándoo a bolsa ou cubo de lixo con tapa).
- Evitarase o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man...)
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.

## ANEXO I

D.Dona \_\_\_\_\_ como responsable da actividade \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ solicita o uso do Local Social de \_\_\_\_\_, no seguinte horario \_\_\_\_\_.

Para efectos de comunicación, establece o seguinte correo electrónico ou teléfono de contacto \_\_\_\_\_.

Debido ás circunstancias especiais con motivo da situación de pandemia provocada polo Covid-19 , comprometese a levar a cabo todas as instrucións indicadas na normativa de uso dos Locais Sociais.

O incumprimento da normativa, dará lugar a que se denegue por parte do Concello de Oroso o uso das instalacións

**ANEXO II**

<b>NOME DA ACTIVIDADE</b>	
<b>LOCAL SOCIAL</b>	
<b>PERSOA RESPONSABLE</b> <b>ACTIVIDADE (nome e teléfono)</b>	
<b>HORARIO DA ACTIVIDADE</b>	

**PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE**

<b>NOME E APELIDOS</b>